

**N O S O
P L A N É
B A I L A R
A T A Q U E
T O D O S E
S O L U C I O N E**

#decorpospresentes

De corpos presentes é unha plataforma de **produción, investigación e difusión das artes performativas contemporáneas en Galicia,**

un campo cunha comunidade artística moi fértil e activa, tanto no plano creativo e de creación de coñecemento sobre o noso presente, como na súa capacidade mediadora e dinamizadora a nivel social.

De corpos presentes procura activar conexións entre artistas con procesos creativos en marcha no noso territorio, e diversos espazos museísticos, culturais e de coñecemento de Galiza que, por súa vez, aglutinan a un conxunto de públicos. A forma destas conexións defínese a través dun traballo de curadoría e mediación, para xerar un programa axeitado en cada caso. Así mesmo, a plataforma procura establecer colaboracións e intercambios con outras xeografías.

De corpos presentes fai alusión aos corpos de hoxe e ao seu estar xuntos nos nosos tempos, habitados e por habitar. Fai alusión á materia mesma das artes performativas: o corpo como material poético. A súa expresión en plural, *corpos*, atende á noción de comunidade e/ou de multitude. Refire tamén ao diálogo que estes corpos establecen co noso tempo, o presente, e as súas formas posibles: os nosos *presentes*. Un diálogo que os corpos xeran a través do seu propio estar (estar presentes) e da súa acción nun espazo e nun tempo compartidos. O diálogo e a intelixencia da súa performatividade.

O proxecto arranca en 2018 da man da investigadora e xestora cultural Sabela Mendoza, co apoio da Deputación da Coruña a través das súas axudas a proxectos singulares de especial interese cultural.

--

Colaboran no programa 2018:

Normal Espazo de intervención cultural da UDC, Fundación María José Jove, Museo do Pobo Galego, Fundación Luis Seoane, CGAC Centro Galego de Arte Contemporánea.



Decembro 2018

10-12 dec. 10.30 a 13.00h
Fundación María José Jove (A Coruña)

Dance Generation

Danza comunitaria e interxeracional con
Taiat Dansa.

Venres 14 dec. 18.00h
Normal UDC
(A Coruña)

58 indicios sobre o corpo

Unha lectura de Jean-Luc Nancy con
Nieves Neira

Venres 14 dec. 18.00h
Normal UDC
(A Coruña)

Coar o discurso. A teoría inquieta.

Proxección e conversa con
Edu Fernández e Javier Trigales

Mércores 19 dec. 19.00h
Museo do Polo Galego
(Santiago)

Anthesis

Performance e electrónica con
Artur M. Puga e Javier Martín

Domingo 23 dec. 13.00h
CGAC
(Santiago)


Brumario

Concerto performativo con
Vertixe Sonora e Javier Martín

Venres 28 dec. 20.00h
Fundación Luis Seoane
(A Coruña)

O público está aquí

Conferencia performativa con Sabela
Mendoza + Presentación de libro con
Sabela Mendoza e Tono Mejuto.



decorpospresentes.gal